

DON JAVIER PASTOR DIAZ MOSQUERA, CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL.

C E R T I F I C O : Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 08 de xullo de 2024, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES CORRESPONDENTES Ó XXXIV PREMIO INTERNACIONAL DE PIANO "CIDADE DE FERROL". (EXPEDIENTE CIVIDAS 2024018407). Examinada a proposta que eleva o Concelleiro Delegado de Cultura, que textualmente di:

“Antecedentes.-

1º O Concello de Ferrol, é unha das entidades públicas decanas na organización dun premio internacional de piano.

2º Dende o punto de vista xurídico os premios teñen o concepto de subvencións, estando recollido de forma expresa esta categoría, tanto na lexislación estatal (Lei 38/2003 e RD 887/2006) como na lexislación autonómica (Lei 9/2007).

3º Pola súa banda, este Concello dotouse da súa propia Ordenanza de subvencións (BOP 21/10/2019).

Cualificación xurídica.-

Como queda indicado, os premios teñen o carácter de subvencións, quedando excluídos unicamente desta categoría aqueles premios que se outorguen sen a previa solicitude do beneficiario (art. 4.a da Lei 38/2003) suposto este que non concorre nos premios do Concurso Internacional de Piano.

A citada lei recolle unha referencia expresa aos premios, no seu carácter de subvención, na súa disposición adicional décima, a cal establece:

*“Reglamentariamente establecerase o réxime especial aplicable ao outorgamento dos premios..... que deberá axustarse ao contido deste lei, **salvo naqueles aspectos nos que, pola especial natureza das subvencións, non resulte aplicable.**”*

En todo caso hai que engadir, que o Regulamento que desenvolve a citada lei, non recolleu dito réxime especial, o que obriga a unha aplicación interpretativa da citada disposición adicional décima.

Por outra banda, a disposición adicional décimo cuarta indica que, nas Entidades Locais os procedementos regulados na lei de Subvencións adaptaranse, a través dun regulamento, ás condicións de organización e funcionamento das mesmas.

Dito desenvolvemento regulamentario tampouco se levou a cabo.

En todo caso, o artigo 17 .2 da Lei 38/2003, esixe que:

“Las bases reguladoras de las subvenciones de las corporaciones locales se deberán aprobar en el marco de las bases de ejecución del presupuesto, a través de una ordenanza general de subvenciones o mediante una ordenanza específica para las distintas modalidades de subvenciones.”

A dita norma determina o contido que deberán reflectir as citadas bases, en todo caso, é necesario analizar –nos termos da disposición adicional antes citada- que aspectos dos desenvolvidos no artigo 17 da Lei 38/2003 non son aplicables ao ámbito dos premios. Neste sentido, as condicións de solvencia (artigo 17.c); a determinación dos libros e rexistros contables (artigo 17.h); o prazo e forma da xustificación (artigo 17.i); as garantías e a súa cancelación (artigo 17.j); pagos anticipados (artigo 17.k) carecen de encaixe algún no desenvolvemento duns premios desta natureza. Tampouco pode resultar aplicable a composición do xurado determinado pola ordenanza xeral deste concello toda vez que este xurado adoecería dos coñecementos e práctica imprescindible para a emisión de xuízos de valor sobre as interpretacións dos concursantes.

Excluindo dos contidos antes referidos, as bases que se achegan atenden as exixencias do citado precepto....”

Remitido o expediente á Intervención, incorporase ao expediente o informe correspondente.

Atendendo a todo o sinalado, propónse:

Primeiro.- Aprobar a realización do XXXIV Concurso Internacional de Piano Cidade de Ferrol do ano 2024 entre os días 15 e 22 de novembro.

Segundo.- Aprobar as Bases e os seus anexos que rexerán a participación no XXXIV Concurso Internacional de Piano Cidade de Ferrol ano 2024 .

Terceiro.- Aprobar o gasto por importe de 29.000 € correspondentes aos premios establecidos nas bases con cargo a partida 05101 3341 48000 (RC:224103375 ref: 567).

Cuarto.- Aprobar a “Convocatoria pública do **XXXIV Concurso Internacional de Piano Cidade de Ferrol 2024** e a remisión dun extracto da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) para a súa publicación no BOP da Coruña a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións (SPNS), de conformidade co previsto nos artigos 17.3 b) e 20.8 a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro. Concedendose un prazo para a presentación de solicitudes contados a partir do día seguinte ao da publicación do dito extracto ata o día 31 de outubro de 2024.

*ANEXO I

ANEXO I

BASES DO XXXIV CONCURSO INTERNACIONAL DE PIANO CIDADE DE FERROL ANO 2024

Primeira.- Obxecto e contido

A concellería de Cultura do Concello de Ferrol organiza o XXXIV Concurso Internacional de Piano **“Cidade de Ferrol”** entre os días **15 e 22 de novembro de 2024**.

O premio desenvolverase: o concerto inaugural no Teatro Jofre, nas fases preliminares e final no Auditorio de Ferrol, atendendo ao seguinte calendario:

- Período de inscrición: dende a data de publicación da convocatoria ata o 31 de outubro do 2024
- 15 de novembro: sorteo de participantes, cerimonia de inauguración e concerto de apertura do concurso
- 16 a 18 de novembro: primeira proba eliminatoria
- 19 e 20 de novembro: segunda proba eliminatoria
- 21 de novembro: ensaio dos tres finalistas coa Orquestra Sinfónica de Galicia
- 22 de novembro: proba final do concurso. Entrega de premios

Gravaranse e retransmitirase en streaming tódalas probas do Concurso, correspondendo a este concello os dereitos de gravación, difusión, ou emisión das mesmas, tanto en formato de audio como de vídeo.

Segunda.- Órgano competente para a ordenación e instrución

O impulso, ordenación, instrución e resolución das cuestións que deriven das presentes bases, corresponderá ao concelleiro delegado da Área de Cultura. En todo caso aplicará de xeito supletorio o establecido na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ferrol.

Corresponderá ao dito órgano, previo os informes que considere necesarios, resolver ou determinar todas aquelas situacións non contempladas nestas bases. Do mesmo xeito, poderá adaptalas a calquera situación de forza maior que puidera xurdir.

Terceira.- Inscrición

Poderán participar no concurso todas aquelas persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que teñan unha idade comprendida entre os 16 e os 35 anos.

A inscrición realizarase segundo modelo que se incorpora como anexo, e dispoñible na páxina web do Concurso, a través do seguinte enlace: www.ferrol.gal/piano

A inscrición é de balde.

Non se aceptarán candidatos que obtivesen o primeiro premio en edicións anteriores.

O prazo de inscrición finaliza o día **día 31 de outubro de 2024** ás 23.59 PM hora española. Se se considerase necesario ampliar este prazo, procederase a notificalo mediante as publicacións preceptivas.

Coa inscrición, os interesados deberán achegar o seu *curriculum vitae* en calquera dos seguintes idiomas: galego, castelán ou inglés (en formato PDF), o seu DNI ou pasaporte e unha fotografía a cor.

Os concursantes menores de idade deberán enviar unha autorización asinada e escaneada do pai, nai ou titor, asumindo calquera responsabilidade que se derivase da súa participación no mesmo.

Unha vez inscrito, o concursante recibirá un correo automático de confirmación.

A inscrición supón a total aceptación das bases do Concurso.

Cuarta.- Prevalencia na tradución das bases

En caso de erro de tradución nas bases, tomarase como oficial o regulamento escrito en lingua galega.

Quinta.- Aulas de estudo

Poranse a disposición dos participantes varias aulas para o estudo dende o día 15 de novembro.

Sexta.- Programa

O programa estruturase nas seguintes fases e contidos:

- Primeira ronda: interpretación dun programa de libre elección dunha duración máxima de 30 minutos.
- Segunda ronda: interpretación dun recital de libre elección, cunha duración máxima de 50 minutos, no cal deberá incluír unha obra dun compositor español. Non se admitirán obras interpretadas na primeira proba.
- Final: (3 participantes) interpretación dun concerto para piano e orquestra del repertorio universal, acompañados pola Orquestra Sinfónica de Galicia.

O xurado poderá dar por concluída a interpretación do aspirante se o considera oportuno.

Para a fase final a organización aceptará calquera concerto para piano e orquestra do repertorio universal.

Unha vez enviado o programa, non se poderán facer modificacións do mesmo, excepto se houberse algún erro. Non estará permitida a interpretación da mesma obra durante as diferentes fases do concurso.

En todas as probas as obras interpretaranse de memoria.

Sétima.- Participantes seleccionados

Os concursantes deberán de estar presentes no acto inaugural o día 15 de novembro no Teatro Jofre, levando consigo o seu DNI ou pasaporte.

Se por algunha causa algún participante non puidera estar presente no sorteo, deberá xustificalo.

A orde resultante do sorteo non poderá ser modificada, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e previa apreciación dela por parte do xurado, con excepción da última proba con orquestra, sobre a que o xurado si se reserva o dereito a modificar a devandita orde.

Oitava.- Xurado principal

O xurado terá a seguinte composición:

- Unha presidencia técnica e catro vogais, todos eles músicos de recoñecido prestixio, con voz e voto.
- Unha presidencia institucional con función representativa, que recaerá no alcalde do Concello de Ferrol ou no concelleiro delegado de Cultura.
- A Secretaría, que recaerá nun funcionario/a do negociado de Cultura ou en quen se delegue, que actuará con voz e sen voto.

A composición do xurado darase a coñecer na páxina web do concurso.

Novena.- Criterios de outorgamento

Os xurados valorarán aos concursantes segundo criterios en canto a calidade artística, interpretativa, técnica e musical, entre outros aspectos.

Algún dos premios poderá ser compartido. En todo caso o xurado non está obrigado a conceder tódolos premios, sendo as súas decisións inapelables.

Os premios estarán suxeitos ás correspondentes retencións de acordo coa lei española.

Décima.- Supostos de abstención ou recusación

Os membros do xurado están suxeitos aos supostos xerais de abstención e recusación recollidos na lexislación vixente (Lei 40/2015) respecto aos participantes no concurso.

Ningún membro do xurado principal poderá votar polos seus propios alumnos, persoas ás que estean unidos por vínculo matrimonial ou situación de feito asimilable, parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grado ou de afinidade dentro do segundo ou amizade íntima ou inimidade manifesta. De idéntico xeito os membros do xurado tampouco poderá emitir voto polos participantes cos que manteñan unha amizade íntima ou inimidade manifesta, nin en relación aos participantes que teñan a condición de fillos dos seus amigos íntimos.

Durante o concurso estará totalmente prohibido que os concursante manteñan contacto ou falen con calquera dos membros do xurado, o que podería ser motivo de exclusión.

Décima primeira.- Exclusión

As faltas de respecto graves a calquera membro da organización, así como incumprir algunha das regras destas bases, serán motivo de exclusión.

Décima segunda.- Cancelación ou modificación das datas do concurso

Se por causas alleas á vontade do Concello de Ferrol, o concurso tivera que cancelarse ou adiarse, non se responderá dos gastos nos que calquera concursante incorrera previamente para a súa asistencia ao concurso.

Décima terceira.- Premios e *accessit*

Nos termos da base decimo primeira o xurado poderá outorgar os seguintes premios:

Primeiro premio: 15.000 euros e diploma.

Segundo premio : 7.000 euros e diploma

Terceiro premio: 4.000 euros e diploma

Premio ao mellor intérprete de música española: 2.000 euros e diploma.

Premio, ao mellor intérprete galego 1.000 euros e diploma

Estas cantidades están suxeitas ás retencións legais que lles sexan aplicables.

O xurado poderá acordar a concesión dun premio ex aequo, e no dito caso o importe do mesmo dividiríase entre os participantes premiados. Se algún premio ex aequo fora concedido entre os 3 finalistas, o importe do premio non concedido se distribuiría entre os premiados ex aequo, a partes iguais. O primeiro premio tamén poderá concederse ex aequo.

Décima cuarta.- Compatibilidade dos premios

Os presentes premios son compatibles con calquera outro premio que puideran recibir as persoas premiadas en concursos distintos a este.

Décima quinta.- Obrigas dos concursantes galardoados

Tódolos galardoados teñen a obriga de recoller os seus premios persoalmente na cerimonia de clausura e entrega de premios, e así mesmo o gañador está obrigado a actuar en dita gala se a organización o decide. Tamén deben de permanecer para as fotos oficiais que a organización dispoña, así como estar presentes nas entrevistas e fotos da prensa, antes e despois da final. Se non fose así, e salvo causa xustificada, seralle revocado o dito premio. Estas dúas esixencias non se aplicarán ós semifinalistas nin mencións de honra.

Décima sexta.- Cerimonias de inauguración e entrega de premios.

A organización das cerimonias de inauguración e entrega de premios de clausura será competencia da Alcaldía ou do concelleiro delegado de Cultura e serán supervisadas e dirixidas polo Departamento de Protocolo de Concello de Ferrol.

Corresponderá ao Gabinete de Comunicación a supervisión dos anuncios e notas que se publiquen en relación co premio.

Décima sétima.- Protección de datos

Os datos de carácter persoal (incluídas fotografías, documentos de identidade e imaxe) que os concursantes envíen, quedarán incorporados a un ficheiro propiedade da organización, sendo empregados unicamente con fins propios da actividade da mesma. Conforme á LOPD, poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, a través do Rexistro Xeral do Concello de Ferrol.

Décima oitava.- Réxime xurídico

Atendendo á súa natureza xurídica, en todo o non previsto nas presentes bases será de aplicación a normativa estatal e autonómica en materia de subvencións, (Lei 38/2003 e RD 887/2006 e Lei 9/2007) así como a Ordenanza de subvencións (BOP 21/10/2019).

Décima novena.- Publicacións

As presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

O inicio do prazo de inscrición vira determinado pola publicación do estrato do correspondente decreto de convocatoria -coa certificación da existencia de crédito- no dito BOP, e previa a súa publicación íntegra na Base Nacional de Subvenciones.

Os interpretes premiados se publicarán na Base Nacional de Subvenciones”

Su nombre	Su apellido	Email
Su nombre	Su apellido	Tu email
País de nacimiento	País de residencia	Fecha de nacimiento
País de nacimiento	País de residencia	Fecha de nacimiento
Dirección completa	Teléfono	
Dirección completa	981382938	
Tu foto	DNI o pasaporte escaneado	Currículo (PDF, DOCX)
Seleccionar archivo nada s...onado	Seleccionar archivo nada s...onado	Seleccionar archivo nada s...onado
Enlace YouTube		
RONDA 1. PRESELECCION (GRABACION DE VIDEO)		
RONDA 2		
RONDA 3		
RONDA 4. SEMIFINAL		
RONDA 5. FINAL		

ANEXO

De acordo co regulamento (UE) 2016/679 sobre Protección de datos de carácter persoal, informamos de que a información facilitada no formulario será tratada co fin de proporcionar a información solicitada ou responder ás consultas formuladas, sendo a base da lexitimidade consentimento dado. Non se transferirán datos a terceiros e serán borrados unha vez procesados para os efectos adecuados. En caso de ter o seu consentimento, para a remisión de comunicacións comerciais, o consentimento poderá ser revocado en calquera momento. Pode acceder,rectificar e eliminar os datos, así como limitar o seu tratamento da forma prevista na Política de privacidade.

Nos termos do artigo 69.1 da LEI 39/2015, declara, baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para a obtención dun premio no Certame Internacional de Piano de Ferrol, estando ao corrente das súas obrigas fiscais e legais. seguridade social autorizando ao Concello de Ferrol para que o comprobe a través da súa sede electrónica, comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigas ata o pagamento -no seu caso- dun premio do Certame de Piano de Ferrol.

Lin e acepto a política de privacidade.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita ”

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Excmo. Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, na data que figura na sinatura electrónica.

Vº e Pr

ALCALDE